Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Marco e a antiga capela de San Vitorio de Franza

A actual capela de San Vitorio da parroquia de Franza, en Mugardos (A Coruña) substitúe a outra máis antiga que se situaba sobre o chamado castro de San Victorio.

> *Hay otra hermita de Señor San Vitorio. Esta esta hermita entre unas heredades que dicen que fueron castros de moros y dan señales de haber sido fortalezas*

Isto é que di sobre a antiga capela Jerónimo del Hoyo en □Memorias del arzobispado de Santiago□ (1607), e ademais conta que tiña no interior unha pedra fincada ou marco (hoxe desaparecido) que dividía as xurisdicións do conde de Lemos e do Cabido compostelán.
Polo visto, a imaxe de San Vitorio aparecera milagrosamente na croa do castro, no lugar onde ergueron a primitiva capela, logo substituida pola actual.

© Galicia Encantada



